



## Accións 1.1, 3.1 Intercambios Xuvenís

Programa  
Xuventude  
en Accion



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE IGUALDAD

injuve

axencia Nacional Española

Cando neste documento aparece o xenérico "os mozos", con el referirémnos tanto a mozos como a mozas.

Consulta sempre a guía do programa en [www.juventudenaccion.migualdad.es](http://www.juventudenaccion.migualdad.es) ou pregunta na túa comunidade autónoma.



EDICIÓN Ministerio de Igualdad

DESEÑO GRÁFICO lime<sup>xl</sup>

NIPO: 208-08-014-9





# Introducción

A Decisión nº 1719/2006/CE do Parlamento Europeo e do Consello da Unión Europea, do 15 de novembro de 2006, establece para o período do 1 de xaneiro de 2007 ao 31 de decembro de 2013 o programa "Xuventude en Acción", relativo á educación non formal da mocidade no ámbito europeo e a través do cal se fomenta a participación activa e a cooperación entre mozos e mozas dos países participantes

## Son obxectivos do programa:

- > Fomentar o papel activo da mocidade na construción europea.
- > Promover unha mellor comprensión da diversidade da nosa cultura europea común e da herdanza que compartimos
- > Facilitar a integración dos mozos e mozas na sociedade e fomentar o seu espírito de iniciativa
- > Permitirlle á mocidade expresar o seu sentido de solidariedade en Europa e no mundo
- > Contribuír ao fomento do respecto dos dereitos humanos e á loita contra o racismo e a xenofobia.
- > Propiciar a igualdade de oportunidades
- > Fomentar a participación activa da mocidade no proceso democrático

## Accións do programa:





# Accións 1.1 / 3.1

Intercambios Xuvenís

## Que é un intercambio?

Os intercambios de xente nova permiten que un ou varios grupos de mozos acollan ou sexan acollidos por un grupo doutro país para realizar un programa de actividades en común. Estes intercambios están dirixidos a grupos de mozos de entre 13 e 25 anos.

Para realizalo, os grupos de mozos e mozas han de preparar conxuntamente as actividades e elaborar un proxecto. En caso de que este proxecto sexa aprobado, a Comisión Europea cofinanciará o intercambio.

## Que actividade NON é un intercambio de mozos?

As seguintes actividades NON son subvencionables no marco dos intercambios de mozos:

- > Reunións estatutarias das organizacións
- > Viaxes de vacacións
- > Cursos de idiomas
- > Intercambios escolares
- > Viaxes de estudos
- > Xiras de espectáculos
- > Actividades de intercambio que poidan clasificarse como turismo
- > Actividades de intercambio con fins lucrativos
- > Campos de traballo
- > Competicións deportivas
- > Festivais

no

## Que proxectos existen?

### Intercambios bilaterais y trilaterais:

Os Intercambios Bilaterais, nos cales participan grupos de mozos de dous países, están preferentemente destinados a grupos sen experiencia.

Dependendo do lugar de celebración da actividade, cada grupo encargarase de presentar un proxecto, que será:

- > **DE ENVÍO:** cando se celebra noutro país. O grupo que se vai desprazar deberá presentar na súa axencia nacional un proxecto de intercambio chamado «de envío».
- > **DE ACOLLIDA:** cando se celebra no noso país. O grupo español que recibe ao grupo doutro país presentará na axencia nacional un proxecto de intercambio chamado «de acollida».

A Solicitud de Intercambios Trilaterais, con participación de tres países, presentaralla cada grupo á súa axencia nacional respectiva e seguiranse as normas de procedemento e financiamento dos intercambios bilaterais. Este tipo de intercambios adoitan denominarse trilaterais.

**Intercambios multilaterais:** organizados por grupos de mozos de catro ou máis países. Nos intercambios multilaterais con participación de catro ou máis grupos de diferentes países só haberá unha solicitude (acollida e envío), que presentará e xestionará o grupo que acolle. Os grupos de envío non lles presentarán solicitudes ás axencias nacionais dos seus respectivos países.

### Intercambios itinerantes (bilaterais, trilaterais ou multilaterais):

a actividade ten lugar en dous ou máis dos países promotores. Só haberá unha solicitude que presentará un dos grupos promotores de acollida que asume o papel de coordinador e solicitaralle o custo total do proxecto á súa axencia nacional.

## Quen pode participar?

Os intercambios diríxense a mozos e mozas con idades comprendidas entre os 13 e os 25 anos que residan nun país participante no programa. Só algúns dos/das participantes dun grupo poden ter máis de 25 anos, pero nunca máis de 30 anos cando venza o prazo de presentación de solicitudes.

Un intercambio de mozos debe ter un mínimo de 16 e un máximo de 60 participantes.


Os grupos asociados deben ser equilibrados en canto ao número de participantes. Os proxectos bilaterais deben ter, polo menos, oito participantes por cada grupo asociado, e os trilaterais, seis participantes. Cando se trate de proxectos multilaterais, cada grupo asociado debe estar composto, polo menos, por catro participantes.

Ademais, existirá a figura de «monitor/a»: cada grupo asociado debe contar cunha ou varias persoas responsables ou monitoras que acompañan os mozos/as participantes no intercambio.



## Cal é a duración dun proxecto?

A actividade de intercambio durará entre 6 e 21 días (excluídos os días de desprazamento).



## Como se financian os proxectos?

En caso de ser aprobado un proxecto de intercambio, o programa financiará parte dos gastos mediante o pagamento dunha axuda. Esta axuda baséase no principio de cofinanciamento, polo que é necesario que os grupos obteñan outros recursos, ben propios ou ben mediante a contribución doutras entidades.

### Grupo DE ENVÍO

- > 70% dos gastos de desprazamento reais (participantes e monitores/as).
- > Contribución para unha visita de planificación previa (100% gastos de viaxe + prezo fixado).
- > Cantidade fixa para a preparación de actividades por país (incluído o seguro).
- > Gastos reais extraordinarios en concepto de visado, outros gastos conexos, gastos de vacinación e gastos vinculados a mozos/as con menos oportunidades ou con necesidades especiais ou á natureza das actividades (ata o 100%).
- > Unha cantidade adicional para difusión e explotación de resultados.

## Grupo DE ACOLLIDA


- > Cantidade fixa por proxecto para cubrir os custos xerais das actividades.
- > Cantidade a prezo fixado por participante (mozos e responsables de grupo) e noite.
- > Cantidade fixa para a preparación de actividades por país (incluído o seguro).
- > Gastos reais extraordinarios vinculados a mozos/as con menos oportunidades ou con necesidades especiais ou á natureza das actividades (ata o 100%).
- > Unha cantidade adicional para difusión e explotación de resultados.

**Outros gastos:**

### Gastos extraordinarios

**Poden considerarse gastos extraordinarios os relacionados coa obtención de visado e outros gastos conexas, así como os gastos de vacinación. Os demais gastos extraordinarios están relacionados con mozos/as con menos oportunidades ou con necesidades especiais.**

## Como atopar outro grupo?



Un intercambio supón a participación de dous ou máis grupos de mozos e mozas, polo que un paso previo e imprescindible é encontrar grupos para realizar a actividade. Estes grupos denomínanse «socios» ou «interlocutores».es”.

Se non dispoñedes de interlocutores, existen medios para facilitar a busca de contactos, como a páxina web do programa:


[www.juventudenaccion.migualdad.es](http://www.juventudenaccion.migualdad.es)

## Como se presenta un proxecto?

Todas as actividades que implica a realización dun intercambio débense planificar e traballar conxuntamente entre os grupos de mozos implicados. Unha vez fixadas as actividades, deberase elaborar un proxecto segundo un modelo de formulario de solicitude existente, que pode descargarse na páxina web:

[www.juventudenaccion.migualdad.es](http://www.juventudenaccion.migualdad.es) ademais, poderás atopar unha guía para cubrir ese formulario nesta páxina.

**A continuación, sinálanse os contidos principais que se deben desenvolver nun proxecto de intercambio:**



- > Identificación e resumo do proxecto.
- > **Características dos grupos participantes e perfil individualizado dos mozos e mozas de España.**
- > Preparación: o proxecto detallará as actividades que realice o grupo para preparar o intercambio e para o coñecemento da cultura e do país ou países con que se vai realizar a actividade. Tamén deberá sinalar os contactos mantidos por todos os grupos participantes para acordar obxectivos, actividades e metodoloxía. Nesta fase recoméndase realizar unha visita de planificación previa.
- > **Dimensión europea e obxectivos: o tema debe ser decidido polos/as participantes de acordo cos seus propios intereses e cuns obxectivos de aprendizaxe claros e realizables.**
- > Programa de actividades: adecuado aos obxectivos propostos. Debe detallar as actividades diarias e ter unha relación co tema principal. Valoraranse os contactos coa poboación local, as visitas culturais, os encontros con outras asociacións e institucións e a participación en eventos propios do país de acollida.
- > **Métodos de traballo: as diferentes estratexias e modos de realizar o intercambio deberán reflectir un compromiso e a implicación dos/das participantes en todas as súas fases e garantir unha participación activa de todos/as, calquera que sexan as súas capacidades lingüísticas ou outras particularidades.**
- > Descrición económica e cofinanciamento.
- > **Difusión e Explotación: daráselle visibilidade e difusión ao proxecto e á súa dimensión europea.**
- > Avaliación: incluírase o método de valoración relativo ao seguimento antes, durante e despois do intercambio.

## Youthpass

Os/As participantes en intercambios de mozos teñen dereito a recibir un certificado YOUTHPASS, que describe e valida a experiencia de aprendizaxe non formal.

YOUTHPASS é o resultado dunha iniciativa da Comisión Europea que se desenvolve no marco da Estratexia europea para a validación e recoñecemento da aprendizaxe non formal no contexto do programa «Xuventude en Acción». Trátase dun certificado que recoñece e valida a participación e a aprendizaxe dos mozos no marco das accións do programa «Xuventude en Acción».

Os seus obxectivos son mellorar o acceso á vida laboral dos mozos e dos traballadores do ámbito de xuventude, facer unha reflexión acerca do proceso persoal de aprendizaxe non formal e o recoñecemento social do traballo no ámbito de xuventude.

Estase a traballar para que no futuro YOUTHPASS poida ser integrado noutras iniciativas a escala europea, como EUROPASS ou outros programas europeos no contexto da CIDADANÍA EUROPEA.

## Seguro

Cada persoa beneficiaria está obrigado a subscribir o seu propio seguro colectivo. Este debe cubrir as contingencias de enfermidade, accidente, falecemento e incapacidade permanente, así como a repatriación en caso de enfermidade grave ou accidente. O seguro deberá cubrir tamén a responsabilidade civil e a perda dos documentos de identidade e de viaxe.

# Acción 1.1

Intercambios Xuvenís con países do programa

## Países participantes:



Estados miembros da Unión Europea (UE)



Países participantes que pertenecen á Asociación Europea de Libre Comercio (AELC) que son membros do Espazo Económico Europeo (EEE)



Países participantes no programa que son candidatos á adhesión á Unión Europea



## Quen pode presentar a solicitude?

Cada intercambio de mozos consta dun grupo de acollida e un de envío (intercambio bilateral) ou máis (intercambio trilateral ou multilateral) grupos de envío.

Deben intervir, polo menos, dous países participantes no programa (cadro anterior), dos cales polo menos un ten que ser un Estado membro de UE.

Cada grupo ten unha representante. Os representantes dos grupos de acollida e de envío serán responsables conxuntamente da correcta realización e supervisión do proxecto e de garantir a participación activa de todos os participantes.

### Un socio ten que ser:

- > Unha organización ou asociación sen ánimo de lucro, legalmente establecida nun dos países do programa ou un organismo público local, rexional ou nacional que traballe no ámbito da xuventude.
- > Un grupo informal de mozos/as (neste caso un mozo ou moza do grupo (representante) asume a responsabilidade de presentar a solicitude e de asinar o convenio de subvención.

## Onde se presenta a solicitude?

Antes de presentar o proxecto e con antelación suficiente, é recomendable poñerse en contacto coa persoa responsable do programa «Xuventude en Acción» na Comunidade Autónoma, que asesorará sobre cuestións técnicas e de trámite e evitará así atrasos e problemas posteriores.




**Deberase presentar orixinal e unha copia do formulario de solicitude por cada proxecto:**

- > Para actividades e/ou proxectos que se van desenvolver no ámbito local, provincial ou autonómico, os organismos de Xuventude das comunidades e cidades autónomas.
- > Para actividades e/ou proxectos a desenvolver en máis dunha Comunidade ou Cidade Autónoma, ao Servizo de Programas da Unión Europea do Instituto da Xuventude.  
Se se trata de intercambios bi/trilaterais, os grupos de envío e acollida diríxense por separado ás súas respectivas axencias nacionais. Se se trata de intercambios multilaterais, o grupo de acollida preséntalle a solicitude en nome de todos os socios á súa axencia nacional e actúa como grupo coordinador dos demais grupos asociados. Se este intercambio fose itinerante, calquera dos grupos pode exercer como coordinador e presentarlle a solicitude á súa axencia nacional en nome dos demais socios.
- > As entidades activas no ámbito europeo no campo da xuventude deben dirixirse directamente á Axencia Executiva.

Os formularios e guía do usuario están dispoñibles nos servizos de xuventude das distintas comunidades autónomas.

## Cando se presenta a solicitude?



# Acción 3.1

Intercambios Xovenís con Países Veciños da UE




## Países participantes:

Os intercambios de mozos na acción 3.1. están baseados no mesmo modelo que os previstos na acción 1.1., pero con algunhas peculiaridades. Polo tanto, cómpre cubrir un formulario específico para a acción 3.1. Intercambios.

**Albania / Antiga República  
Iugoslava de Macedonia (ARIM) /  
Bosnia y Hercegovina / Croacia /  
Montenegro / Serbia /**

**Armenia / Acerbaixán / Bielorrusia /  
Federación Rusa / Xeorxia /  
Moldavia / Ucraína /**

**Alxeria / Autoridade Palestina de  
Cisjordania e a Franxa de Gaza /  
Exipto / Israel / Xordania / Líbano /  
Marrocos / Siria / Tunicia /**

-  Sueste de Europa
-  Europa Oriental e Cáucaso
-  Países Socios mediterráneos

## Quen pode presentar a solicitude?

Poden presentar unha solicitude as organizacións asociadas establecidas nun dos países do programa ou nun país do sueste de Europa.

Os grupos informais de mozos e mozas, así como as organizacións asociadas dos países socios que non sexan países do sueste de Europa, non poden asumir a función de socio coordinador (non poden presentar solicitudes).

## Tipos de actividades:

### Intercambios bilaterais:

- > Un Estado membro da UE (obrigatorio)
- > Un país asociado veciño (obrigatorio)

### Intercambios trilaterais:

- > Un Estado membro da UE (obrigatorio)
- > Un país asociado veciño (obrigatorio)
- > Un país do programa ou un país asociado veciño

### Intercambios multilaterais:

- > Un Estado membro da UE (obrigatorio)
- > Dous países asociados veciños (obrigatorio)
- > Outros países do programa ou países asociados veciños

## Onde e como se presenta a solicitude?

O procedemento difire en función do lugar en que se organice o intercambio e de quen presente a solicitude (véxase o cadro inferior).

## Síntese dos procedementos de solicitude de subvención:

Rexión / país en que se realiza o proxecto	Quen pode presentar a solicitude?	Onde se presenta a solicitude?
País do programa	Organización dun país do programa	Na axencia nacional correspondente (procedemento descentralizado)
	Organización non Governamental Europea de Xuventude (ONGEX)	Na axencia executiva no ámbito educativo, audiovisual e cultural (procedemento centralizado)
Sueste de Europa	Organización dun país do programa	Na axencia nacional correspondente (procedemento descentralizado)
	Organización de un país del sueste de Europa que acoja la actividad	Na axencia executiva no ámbito educativo, audiovisual e cultural (procedemento centralizado)
	Organización non Governamental Europea de Xuventude (ONGEX)	Na axencia executiva no ámbito educativo, audiovisual e cultural (procedemento centralizado)
Europa Oriental e Cáucaso	Organización dun país do programa	Na axencia nacional correspondente (procedemento descentralizado)
	Organización non Governamental Europea de Xuventude (ONGEX)	Na axencia executiva no ámbito educativo, audiovisual e cultural (procedemento centralizado)
Países Socios Mediterraneos	—	Proxectos apoiados polo Fondo MEDA xestionado pola Oficina de Cooperación EuropeAid

As solicitudes que deben presentarse á axencia nacional Española son as pertencentes a organizacións establecidas en España que desexen asumir a función de coordinación e execución dun proxecto, cuxas actividades poden ter lugar ou ben en España ou ben en países socios veciños (excepto nos países da área mediterránea; neste caso o programa só financia proxectos de acollida de mozos e mozas deses países en España. Os proxectos de envío a eses países foron integrados no programa EuroMed).





Antes de presentar o proxecto e con antelación suficiente, é posible poñerse en contacto co responsable do programa «Xuventude en Acción» na Comunidade Autónoma, que asesorará sobre cuestións técnicas e de trámite e evitará así atrasos e problemas posteriores.

## Cando se presenta a solicitude?

Proxectos seleccionados a escala nacional, cinco convocatorias anuais:

PROXECTOS QUE EMPEZAN ENTRE O												
XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC	
				>								
						>						
								>				
											>	
	>											
DATA LÍMITE DE PRESENTACIÓN												
	1º		1º		1º			1º		1º		

Para os proxectos seleccionados no ámbito europeo, os prazos para presentación de candidaturas son tres cada ano.

PROXECTOS QUE EMPEZAN ENTRE O											
XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC
						>					
										>	
						>					
DATA LÍMITE DE PRESENTACIÓN											
	1º				1º			1º			



## Enderezos de contacto

### JUNTA DE ANDALUCÍA

**INSTITUTO ANDALUZ DE LA JUVENTUD**  
Muñoz Olivé, 1, 3ª planta. 41001 - Sevilla  
Tel.: +34 955035700 Fax: +34 955 035 731  
mariap.pinero@juntadeandalucia.es  
<http://www.andaluciajunta.es/patiojoven>

### DIPUTACIÓN GENERAL DE ARAGÓN

**INSTITUTO ARAGONÉS DE LA JUVENTUD**  
Franco y López, 4. 50005 - Zaragoza  
Tel.: +34 976714964 Fax: +34 976 714 049  
raparicio@aragon.es  
<http://www.aragon.es>

### PRINCIPADO DE ASTURIAS

**INSTITUTO ASTURIANO DE LA JUVENTUD**  
Plaza del Sol, 8. 33009 - Oviedo  
Tel.: +34 985108358 Fax: +34 985 108 351  
trinilc@princast.es  
<http://www.asturias.es>

### GOBIERNO DE BALEARES

**DIRECCIÓN GENERAL DE JOVENTUD**  
Carrer de Jeroni Antich, 5-3º. 07003 - Palma de Mallorca  
Tel.: +34 971784921/19 Fax: +34 971 784 915  
europa-jove@dgjovent.caib.es  
voluntariat@dgjovent.caib.es  
<http://infojove.caib.es/>

### GOBIERNO DE CANARIAS

**DIRECCIÓN GENERAL DE JUVENTUD**  
C/San Sebastián 53 Edificio Príncipe Felipe 3ª planta.  
38003 - Santa Cruz de Tenerife.  
Tel.: +34 922 474 154 Fax: +34 922 474 154  
jrojgua@gobiernodecanarias.org  
<http://www.juventudcanaria.com>

### GOBIERNO DE CANTABRIA

**DIRECCIÓN GENERAL DE JUVENTUD**  
Bonifaz, 16. 39003 - Santander  
Tel.: +34 942207394 Fax: +34 942 208 119  
prada\_ja@gobcantabria.es  
<http://www.jovenmania.com>

### JUNTA DE COMUNIDADES DE CASTILLA-LA MANCHA

**INSTITUTO DE LA JUVENTUD**  
Rda. Buenavista, 47-bajo. 45005 - Toledo  
Tel.: +34 925 288 974 Fax: +34 925 287 001  
jmoreno@jccm.es  
<http://www.jccm.es/vp1/juventud>  
<http://web.portaljovenclm.com/>

**JUNTA DE CASTILLA Y LEÓN****INSTITUTO DE LA JUVENTUD DE CASTILLA Y LEÓN**

Las Mieses, 26-4ª pl. 47009 - Valladolid  
 Tel.: +34 983 317 223/ 24 Fax: +34 983 317 265  
[eurojoven.castillayleon@jcyl.es](mailto:eurojoven.castillayleon@jcyl.es)  
<http://www.jcyl.es>

**GENERALITAT DE CATALUNYA****SECRETARIA GENERAL DE JUVENTUD**

Calabria, 147.08015 - Barcelona  
 Tel.: +34 934 838 374 / 934 838 322 Fax: +34 934 838 300  
[rclosas@gencat.net](mailto:rclosas@gencat.net)  
[mjusua@gencat.net](mailto:mjusua@gencat.net)  
<http://www.gencat.net/joventut>

**JUNTA DE EXTREMADURA****DIRECCIÓN GENERAL DE JUVENTUD**

Travesía Rambla Santa Eulalia, 1. 06800 - Mérida  
 Tel.: +34 924 008180 Fax: +34 924 00 81 60  
[institutojuventud.jd@juntaextremadura.net](mailto:institutojuventud.jd@juntaextremadura.net)  
<http://www.juventudextremadura.com>

**XUNTA DE GALICIA****DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE E SOLIDARIEDADE**

Edificios Administrativos-San Caetano, bloque 3,1ª  
 15771 - Santiago de Compostela  
 Tel.: +34 981 544 645 Fax: + 34 981 545 843  
[xoan.rivas.cid@xunta.es](mailto:xoan.rivas.cid@xunta.es)  
<http://www.xuventude.net>

**COMUNIDAD DE MADRID****DIRECCIÓN GENERAL DE JUVENTUD**

Paseo de Recoletos, 7-9,2ª planta. 28004 - MADRID  
 Tel.: +34 91 276 74 33 Fax: +34 91 276 74 32  
[sve@madrid.org](mailto:sve@madrid.org)  
[jce.ig@madrid.org](mailto:jce.ig@madrid.org)  
<http://www.madrid.org/inforjoven>

**COMUNIDAD DE MURCIA****INSTITUTO DE LA JUVENTUD DE LA REGIÓN DE MURCIA**

Av. Infante D. Juan Manuel, 14, 2ª planta. 30011 - Murcia  
 Tel.: +34 968 357 269 Fax: +34 968 357 279/ 78  
[europajoven@listas.carm.es](mailto:europajoven@listas.carm.es)  
<http://www.mundojoven.org>

**GOBIERNO DE NAVARRA****INSTITUTO NAVARRO DE DEPORTE Y JUVENTUD**

Arrieta, 25. 31002 - Pamplona  
 Tel.: +34 848 427 877 Fax: +34 848 423 628  
[roteizau@cfnavarra.es](mailto:roteizau@cfnavarra.es)  
<http://www.navarra.es>

**GOBIERNO DE LA RIOJA****INSTITUTO RIOJANO DE LA JUVENTUD**

Muro de la Mata, 8, Bj. 26001- Logroño  
 Tel.: +34 900 200 272 Fax: +34 941 29 19 53  
[info.juventud@irj.es](mailto:info.juventud@irj.es)  
<http://www.irj.es>  
<http://www.larioja.es>

**COMUNIDAD VALENCIANA****INSTITUTO VALENCIANO DE JUVENTUD**

Hospital , 11. 46001 - Valencia  
 Tel.: +34 963 985 922 Fax: +34 963 985 914  
[joventutenaccio\\_ivaj@gva.es](mailto:joventutenaccio_ivaj@gva.es)  
<http://www.ivaj.es>

**GOBIERNO VASCO****DIRECCIÓN DE JUVENTUD**

Donostia-San Sebastian, 1. 01010 - Vitoria-Gasteiz  
 Tel.: +34 945 019 502 Fax: +34 945 016 935  
[gerediaga@ej-gv.es](mailto:gerediaga@ej-gv.es)  
<http://www.gazteukera.euskadi.net>

**CIUDAD AUTÓNOMA DE CEUTA****CASA DE LA JUVENTUD**

Avda. Africa s/n. 51002 - Ceuta  
Tel.: +34 956 518 844 Fax: +34 956 510 295  
juventud@ceuta.es  
<http://www.ceuta.es/juventud>

**CIUDAD AUTÓNOMA DE MELILLA****VICECONSEJERIA JUVENTUD**

Músico Granados, 5. 52004 - Melilla  
Tel.: +34 952 976 166 Fax: + 34 952 976 167  
juventud@melilla.es  
mbenit01@melilla.es  
<http://www.melilla.es>

**CONSEJO JUVENTUD DE ESPAÑA****CONSEJO DE LA JUVENTUD DE ESPAÑA**

Montera 24, 6º. 28013 - Madrid  
Tel.: +34 91 701 04 20 Fax: +34 91 701 04 40  
info@cje.org  
<http://www.cje.org>

**INJUVE****INSTITUTO DE LA JUVENTUD - AGENCIA NACIONAL ESPAÑOLA**

José Ortega y Gasset, 71. 28006 - Madrid  
Tel.: +34 91 363 76 06 / 91 363 77 40 Fax: +34 91 363 76 49  
juventudenaccion@migualdad.es  
gestajea1@migualdad.es  
<http://www.juventudenaccion.migualdad.es>

**DIRECCIÓN GENERAL DE EDUCACIÓN Y DE CULTURA  
DE LA COMISIÓN EUROPEA**

[http://ec.europa.eu/youth/index\\_en.htm](http://ec.europa.eu/youth/index_en.htm)





